

*Servicio de Normalización Lingüística
da Universidade de Santiago de Compostela*

Vocabulario  de
MATEMÁTICAS
(galego-español-inglés-portugués)

COORDINADOR

Xosé M. Masa Vázquez

ASESORA LINGÜÍSTICA

Belén Fortes López



SERVICIO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Vocabulario de MATEMÁTICAS

(Galego-español-inglés-portugués)

Coordinador

XOSÉ M. MASA VÁZQUEZ

Asesora Lingüística

BELÉN FORTES LÓPEZ

Colaboradores

XOSÉ CANDEL MÉNDEZ • LUÍS COLADAS URÍA

ÁNXELES FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ • XABIER FERNÁNDEZ PÉREZ

XOSÉ ALBERTO GARCÍA SUÁREZ • ENRIQUE MACÍAS VIRGÓS

XOSÉ LUÍS OTERO CEPEDA • CELSO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ

XERARDO RODRÍGUEZ LÓPEZ

1995

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A D R O

Son tarefas básicas da universidade a docencia e maila investigación, isto é, a creación e transmisión de coñecementos. E para que estes labores poidan desenvolverse con éxito, cómpre un soporte lingüístico axeitado que contribúa a dotalos de precisión e univocidade, que evite as ambigüidades e indefinicións, pulando por unha corrección que, especialmente no caso das matemáticas, resulta imprescindible.

Consecuencia desta necesidade, e dado que nunha situación lingüística como na que estamos inmersos, a comunidade universitaria atopa graves dificultades á hora de emprega-lo termo correcto ou a expresión xusta na nosa lingua, e ás veces tamén noutras, xorde o presente vocabulario cuadrlingüe de matemáticas. Trátase dunha obra que suma ás súas propias cualidades científicas o valor engadido de ser elaborada por un amplo equipo de profesores da Facultade de Matemáticas, co apoio lingüístico do Servicio de Normalización da Universidade. Con ela preténdese encher un baleiro notorio no eido da terminoloxía en galego e ó tempo dar un paso máis de cara a unha docencia plenamente normalizada nun centro en grande medida pioneiro neste terreo.

É esta obra a segunda dunha colección de vocabularios específicos, froito da colaboración entre a Xunta de Galicia, por medio da Dirección Xeral de Política Lingüística, e a Universidade de Santiago de Compostela, e esperamos que asemade exemplo do que a cooperación institucional pode chegar a brindarles ós membros da comunidade universitaria e, en xeral, á cidadanía galega.

DARÍO VILLANUEVA PRIETO
Rector da Universidade

Prólogo

Hai un par de anos tomei a iniciativa de impulsar a elaboración dun léxico matemático galego. O uso do galego no ensino das matemáticas, inda que pasenriñamente, comeza a se estender: cada vez son más os escritos de matemáticas en galego, mesmo apareceron algúns vocabularios, de desigual acerto.

O meu proxecto inicial circunscribíase case só á Facultade de Matemáticas, coa idea de comparar a terminoloxía que estabamos a utilizar na aula e nos apuntamentos, co fin de ensaiar a converxencia, e na medida do posibel, ir fixando un vocabulario común..

Dous elementos máis ou menos simultáneos trastocaron aquel modesto proxecto inicial: a colaboración entusiasta e cobizada do Servicio de Normalización Lingüística da Universidade, dunha parte, e a temperá constatación de que aquela tarefa aparentemente sinxela agachaba dificultades, tanto técnicas como de consenso, moi superiores ás imaxinadas.

O que hoxe presentamos ten pouco que ver con aquela idea orixinal. É un longo vocabulario galego/portugués/español/inglés, con máis de 3.000 entradas, que creceu, síntoo, máis aló das nosas propias forzas. Daquel primeiro pulo mantén, con todo, un aspecto fundamental: quere ser un punto de partida, unha proposta de traballo aberta a unha participación máis ampla e a unha posterior elaboración más sistemática dun vocabulario matemático que, de xeito efectivo, vaia fixando o noso léxico.

Acordamos algúns criterios de traballo que despois non sempre respectamos rigorosamente. Un foi o de limitar o noso campo de interese ao primeiro ciclo de estudios universitarios, renunciando a cubrir de modo exhaustivo a terminoloxía referente ás matemáticas elementares, para as que existe un pequeno léxico editado pola Consellería de Educación. Esta opción é a orixe dalgunhas ausencias doutro xeito incomprensiveis.

Adoptamos, tamén, algúñ criterio xenérico en canto a preferencias léxicas: comezar incorporando o léxico común usado, sempre que fose galego; preferir as opcións máis universais (linear e non lineal) e partir da consideración de proximidade co léxico portugués (polo demais, con notabeis diferencias a un e outro lado do Atlántico, como ocorre tamén co español, por certo).

Xa nin cómpre dicir que a contaminación polo léxico matemático español dos galego-falantes foi un atranco importante. A resistencia a abandonar, por nós mesmos, a terminoloxía española é enorme, e adóitase amosar na tendencia a substituír termos españois polos vocábulos galegos foneticamente más próximos, maila que non resulten os más apropiados, preferíndoos aos de uso común en portugués. Tal é o caso do termo español acotado, para o que optamos polo portugués limitado, e non polo lexicamente menos axeitado acoutado, cun sentido máis de prohibición que de delimitación.

Outra das dificultades que atopamos é a forte presencia de barbarismos que sofre a linguaxe científica, e mesmo a perversión á que chegou. Por exemplo, vaise perdendo o uso diferenciado de círculo/circunferencia, confúndese unidade con unitario (hoxe é común dicir círculo unidade para se referir ao círculo de raio de lonxitude unidade, nós insistimos en dicir círculo unitario...). Perversións que, certamente, aínda se agudizan en expresións correntes como operar á esquerda ou preservar a distancia.

En fin, o feito de que hoxe non haxa case máis lingua viva na ciencia que o inglés (cada vez se traducen menos termos, usándose directamente os vocábulos ingleses), e que o galego só se comezara a normalizar en matemáticas moi recentemente, non fixo a nosa tarefa doada.

Outra dificultade, máis ben da alma, provén da diversidade de normativas ortográficas empregadas. Algunxs vivimos a normativa oficial como unha intollerante e agresiva imposición da ortografía española. Máis preocupante, con todo, é a tendencia, coa que me vin acosado en máis dunha páxina, de fuxir a calquera prezo do léxico portugués.

Foron moitas as persoas que participaron, en forma e intensidade extremadamente diversa, na elaboración deste vocabulario, e só unhas poucas aparecen citadas na relación de colaboradores. Se ben é esta unha obra colectiva, é de xustiza salientar a grande adicación e interese de Belén Fortes, a nosa paciente asesora, a quen moito lle debe a forma que finalmente foi adquirindo este

traballo, quero agradecer nela o labor e apoio de todo o Servicio de Normalización Lingüística da Universidade. Prácheme destacar, tamén, o valioso asesoramento que, nalgúnha cuestión que nos pareceu más conflictiva, recibimos do profesor Antón Santamarina, e a moi especial e estimada colaboración da nosa colega e amiga profesora Ana Cristina Mena Matos, da Universidade do Porto.

Esperamos recibir unha morea de críticas, e todo tipo de suxestións e contribucións, e comprometémonos a buscar as vías para desenvolver a segunda fase deste proxecto.

XOSÉ M. MASA VÁZQUEZ
Catedrático de Xeometría e Topoloxía
Santiago de Compostela, xaneiro de 1995